

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 31/03/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-**
- 2º.- Licenzas Urbanísticas.**
- 3º.- Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **31/03/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 17 de Marzo de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Licenzas urbanísticas.-**

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

OBRAS MAIORES

A ANXO MARCOTE INSUA, veciño de Fisterra, para proceder á Rehabilitación dunha Edificación existente na Rúa Real, desta Vila, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico redactado polos Arquitectos Xan Casabella López e Xosé Díaz Vieites, de data Febreiro de 2016 que consta no expediente; condicionada a que:

Antes do comezo das obras será necesaria a presentación do Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do indicado no artigo 2º do Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, para a súa revisión polo Departamento Urbanístico desta Corporación.

2) Nomeamento do Director das Obras que en cumprimento do indicado no artigo 12º en relación co artigo 2.1º.a) da LOE terá unha titulación académica e habilitante de Arquitecto así como o do Director de Execución das Obras que terá unha titulación de Arquitecto técnico.

3) Antes o inicio da actividade, o promotor comunicarao ó Concello mediante escrito no Rexistro Xeral de Entrada, acompañando a seguinte documentación:

-- Certificado final da dirección das obras debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente.

-- Acta de recepción das obras se esta se houberse outorgado expresamente ou ben a acreditación da súa recepción tácita.

-- Certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado subscrito pola Dirección Facultativa da obra, ó que debe acompañar a cualificación de eficiencia enerxética do edificio rematado, sinalada na escala de eficiencia enerxética (artigo 8.7º.-) do Decreto 42/2009 do 21 de xaneiro.

-- Liquidación final das obras asinada pola dirección facultativa das obras.

-- Certificado asinado por técnico competente no que se acredita que se cumpre coa normativa de rúidos.

-- Certificado asinado por técnico competente indicando que cumpre o DB-SI 1.4 “Reacción ao lume dos elementos construtivos, decorativos e de mobiliario”, DB-SI 2 “propagación exterior” e DB-SI 6.2 “Resistencia ao lume da estrutura”.

-- Xustificación acreditativa de ter comezado o trámite ante a Dirección Xeral de Catastro da nova situación da edificación.

-- Escrito no que se solicite que os servizos técnicos deste Concello de Fisterra xire visita onde se poida comprobar o cumprimento dos condicionantes anteriormente referidos.

-- En aplicación do exposto no artigo 11ª.-) do Decreto 106/2015 de 9 de Xullo, de contaminación acústica de Galicia, deberá dispoñer antes do comezo da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12º.-) da referida Lei, ou non sendo obrigatorio no caso de que se faga constar que ditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior en calquer horario a 75 dB.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de tres anos e non poderán interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Así mesmo, deberá ingresar a cantidade de Novecentos sesenta e oito euros (968,00 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais municipais.

Este acordo adoptáse sen a presenza do Sr. Alcalde pola razón de parentesco co solicitante.-

A AGUSTÍN OLVEIRA BENLLOCH, para proceder á construción dunha edificación de carácter provisional nunha parcela existente na Avenida da Coruña desta Vila, con referencia catastral número 8611409MH7581S0001PU), debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e de Execución redactado polo Arquitecto Xoán Bautista Alborés Tajés, visado con data 17/12/2015, que consta no expediente; condicionada a que:

1) En cumprimento do referido no Capítulo III da L.O.E., deberán identificarse os axentes da edificación participantes, presentándose o nomeamento do Director das Obras que en cumprimento do indicado no artigo 12º en relación co artigo 2.1º.a) da LOE terá unha titulación académica e habilitante de Arquitecto así como o nomeamento do Director de Execución das Obras que en cumprimento do indicado no artigo 13º) en relación co artigo 2.1º.a) da LOE terá unha titulación de Arquitecto técnico.

2) Antes o inicio da actividade, o promotor comunicarao ó Concello mediante escrito no Rexistro Xeral de Entrada, acompañando a seguinte documentación:

-- Certificado final da dirección das obras debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente

-- Acta de recepción das obras se esta se houberse outorgado expresamente ou ben a acreditación da súa recepción tácita.

-- Certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado subscrito pola Dirección Facultativa da obra, ó que debe acompañar a cualificación de eficiencia enerxética do edificio rematado, sinalada na escala de eficiencia enerxética (artigo 8.7º.-) do Decreto 42/2009 do 21 de xaneiro.

-- Liquidación final das obras asinada pola dirección facultativa das obras.

-- Certificado asinado por técnico competente no que se acredita que se cumpre coa normativa de ruídos.

-- Certificado asinado por técnico competente indicando que cumpre o DB-SI 1.4 “Reacción ao lume dos elementos construtivos, decorativos e de mobiliario”, DB-SI 2 “propagación exterior” e DB-SI 6.2 “Resistencia ao lume da estrutura”.

-- Xustificación acreditativa de ter comezado o trámite ante a Dirección Xeral de Catastro da nova situación da edificación.

-- Escrito no que se solicite que os servizos técnicos deste Concello de Fisterra xire visita onde se poida comprobar o cumprimento dos condicionantes anteriormente referidos.

-- En aplicación do exposto no artigo 11ª.-) do Decreto 106/2015 de 9 de Xullo, de contaminación acústica de Galicia, deberá dispoñer antes do comezo da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12º.-) da referida Lei, ou non sendo obrigatorio no caso de que se faga constar que ditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior en calquer horario a 75 dB.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de tres anos e non poderán interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Así mesmo, deberá ingresar a cantidade de Setecentos sesenta e cinco euros con sesenta e un céntimos (765,61 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais municipais.

A FISTERRACONS, S.L. con CIF B-15961154 e domicilio social na Avda. de Galicia, 1 da localidade de San Martiño de Abaixo deste Termo Municipal, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar a emprazar nunha parcela sita na Rúa Mar de Fóra desta Vila, debendo axustarse na súa

totalidade ó Proxecto Básico redactado a tal efecto polo Arquitecto, Manuel Bermúdez Sambade de data Marzo de 2016 que consta no expediente; condicionada a que:

1) Antes do comezo das obras, deberá presentar un Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do indicado no artigo 2º) do Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, que recollerá expresamente as seguintes consideracións:

A) En aplicación do indicado no Apto. I.A.4.- Dotación mínima de instalacións na vivenda das NHG a parte ampliada da vivenda contará coa dotación mínima de instalacións necesarias que lle permita a adecuada realización das funcións previstas nas diferentes estancias e servizos, reguladas nesta normativa e que a continuación se relacionan:

--Instalación de subministro de auga fría.

--Instalación de calefacción e auga quente sanitaria que terá incorporado o elemento xerador correspondente.

--Instalación de evacuación de augas.

--Instalacións de telecomunicacións, ademais de rede de interfono para comunicar as vivendas co portal do edificio, instalación eléctrica e instalación de ventilación.

Deberase representar os aparellos especificados no Apartado I.A.4.1.- das Normas do Hábitat Galego (NHG).

2) Antes do comezo das obras e en cumprimento do referido no Capítulo III da L.O.E., deberán identificarse os axentes da edificación participantes, presentándose o nomeamento do Director das Obras que en cumprimento do indicado no artigo 12º en relación co artigo 2.1º.a) da LOE terá unha titulación académica e habilitante de Arquitecto así como o nomeamento do Director de Execución das Obras que en cumprimento do indicado no artigo 13º) en relación co artigo 2.1º.a) da LOE terá unha titulación de Arquitecto técnico.

3) En virtude do indicado no Artigo 20º.-) da Lei 9/2002 de 30 de Decembro e nas Disposicións Transitorias da citada Lei, en canto á aplicación das Normas Subsidiarias de Planeamento vixentes, nos atopamos nun solo urbano consolidado polo que resulta unha obriga dos propietarios deste solo costear os gastos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e regularizar as vías públicas, executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.-

4) Por aplicación do indicado no Artigo 42 da Lei 8/2012 e unha vez se teñan concluídas as obras de execución da vivenda, o promotor solicitará a Licenza de Primeira Ocupación acompañando a seguinte documentación:

-- Certificado final da dirección das obras debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente.

-- Acta de recepción das obras se esta se houberse outorgado expresamente ou ben a acreditación da súa recepción tácita.

- Certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado subscrito pola Dirección Facultativa da obra ao que debe acompañar a cualificación de eficiencia enerxética (artigo 8.7º) do Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia.

-- Liquidación final das obras asinada pola dirección facultativa das obras.

5) En cumprimento do indicado no artigo 17º.-) do RDU dispórase xunto á obra de cartel indicador dunhas dimensións de 0,50 X 0,50 m. Na parte superior, na esquina esquerda figurará o escudo municipal e a continuación se lerá "CONCELLO DE FISTERRA" e debaixo desta lenda "LICENZAS URBANÍSTICAS". Baixo do encabezado figurarán os seguintes datos:

"EXPEDIENTE": 9 / 2016

"CLASIFICACIÓN DO SOLO": "Solo Urbano".-

"ORDENANZA": Edificación Extensiva (OE)

"USO": Vivenda Unifamiliar (Categoría 1ª)

"NÚMERO DE PRANTAS": Planta Soto, Baixa e Primeira"

"CONCESIÓN": 31/03/2016

"ÓRGANO": Xunta de Goberno Local.-

"PRAZO DE EXECUCIÓN": Tres anos

"DIRECTOR DE OBRA": -----

"DIRECTOR DE EXECUCIÓN":-----

"CONTRATISTA": -----

Que o prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, non poderán interromperse as obras por un prazo superior ós seis meses, comezándose a computar a partir do día seguinte ó de recibo desta notificación.

Así mesmo, deberá ingresar a cantidade de Dous mil douscentos cincuenta e sesis euros con corenta e cinco céntimos (2.256,45 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais.

3º.- Asuntos varios.-

EXPEDIENTE DE CONTRATACION PRESTACION SERVICIOS

Unha vez examinado o expediente tramitado mediante procedemento negociado sen publicidade co motivo da Contratación do Servizo de Mantemento, Conservación, reparación e aforro e eficiencia enerxética das Instalacións eléctricas dos edificios e dependencias municipais cun presuposto de licitación por importe de Corenta mil euros (40.000,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Oito mil catrocentos euros (8.400,00 €) en base ó prego de Cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado no seu día por esta Xunta na sesión celebrada o día 18 de Febreiro de 2016, que una vez exposto ao público no Boletín Oficial da Provincia polo espazo regulamentario, non foi obxecto de reclamación algunha ,

De conformidade o que prevé o Artigo 178.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Notificar este acordo as seguintes Empresas capacitadas para que dentro do prazo de Quince días hábiles a contar do seguinte ó da recepción da invitación, presenten no Rexistro Xeral desta Corporación as ofertas en sobres pechados, que poderán ser lacrados ou precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente xunto coa documentación e requisitos esixidos na Cláusula 2.2.3 do Prego :

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
Miguel Angel Lestón Canosa	FISTERRA
Marcelino González Estévez	FISTERRA
José Mario Paz Martínez	FISTERRA
Instalaciones Eléctricas Casais S.L.	FISTERRA
Antonio Romero Vázquez	FISTERRA

2) Dése traslado os licitadores de copia do Prego de Clausulas para o seu coñecemento e demais efectos.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:30 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.